

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

I.E.S. ARCEBISPO XELMÍREZ I

ÍNDICE

1. Presentación.
2. Análise da situación sociolingüística de partida.
 - 2.1. Contexto sociolingüístico do centro.
 - 2.2. A situación singular do alumnado do IES Arcebispo Xelmírez I .
 - 2.3. A situación do profesorado.
 - 2.4. A ambientalidade lingüística do centro.
3. Distribución lingüística curricular.
 - 3.1. Educación secundaria obrigatoria.
 - 3.2. Bacharelato.
 - 3.3. As seccións bilingües.
 - 3.3.1. As seccións bilingües de francés.
 - 3.3.2. A sección bilingüe de portugués.
 - 3.4. Ensinanzas de persoas adultas.
 - 3.5. Ciclo formativo de grao medio “laboratorio de imaxe”.
4. Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo.
5. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno.
6. Medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado.
7. Currículo Integrado de Linguas.

Addenda para o curso 2015-2016

1. Presentación

No artigo 14 da lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG do 14 de xullo), establécese expresamente que a lingua galega é materia de estudo obrigado en todos os niveis educativos non universitarios e que se garantirá o uso efectivo deste dereito en todos os centros públicos e privados. No parágrafo 3 deste artigo encoméndaselles ás autoridades educativas da comunidade autónoma garantir que, ao remate dos ciclos educativos nos cales o ensino do galego é obrigatorio, o alumnado coñeza esta lingua, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Deste obxectivo nace a necesidade de adoptar un conxunto de medidas de dinamización dirixidas á promoción da lingua galega nos centros educativos.

O recente Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), sinala a necesidade de afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino. O devandito decreto expresa no seu artigo 14 a necesidade de que cada centro educativo conte cun proxecto lingüístico, e faino nestes termos:

Artigo 14.- Proxecto lingüístico de centro.

1. Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares, no cal se fará constar:

a) A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

b) En educación primaria, educación secundaria obrigatoria e

bacharelato, as medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

c) Nos centros que imparten formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas, e ensinanza de persoas adultas, os procedementos que aseguren que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais.

d) Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.

2. O proxecto lingüístico será redactado por unha comisión do profesorado do centro, nomeada polo equipo directivo e oída a comisión de coordinación pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador(a) do equipo de dinamización da lingua galega. Será aprobado e avaliado polo consello escolar do centro educativo.

3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos da inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.

Consonte a todos estes preceptos legais o IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela presenta o seguinte proxecto lingüístico de centro, oída a comisión de coordinación pedagóxica, e aprobado polos membros do Consello Escolar en pleno, a desenvolver para a correcta planificación do uso do idioma galego no ámbito da nosa comunidade escolar.

2. Análise da situación sociolingüística de partida

O IES Arcebispo Xelmírez I atesoura unha importante tradición

galeguizadora. Alén de ter sido o centro de estudos de importantes intelectuais e artistas galeguistas, desenvolveu iniciativas na innovación educativa e na galeguización do ensino. Desde o curso 1986/87 até o curso 1999/00 desenvolveu unha “Experiencia Pedagóxica do I.B. Arcebispo Xelmírez I” aprobada pola Dirección Xeral de Ensinanzas Medias da Consellaría de Educación desde o curso 1987/88 até a implantación da LOXSE. Nesta Experiencia educativa salientábase a integración da/o alumna/o no seu contorno social e cultural, o coñecemento da propia realidade como paso imprescindible para o seu desenvolvemento persoal e a formación en valores. Esta “Experiencia Pedagóxica” desenvolveu un importante labor educativo e galeguizador e contribuíu á creación dun espírito docente no que a capacidade de crítica reflexiva e o combate de prexuízos fosen elementos relevantes no proceso educativo.

En setembro de 1990 constituíuse o Equipo de Normalización Lingüística que desenvolveu sempre un activo labor de dinamización tendente a:

- Fomentar a presenza oral e escrita da lingua galega na vida do centro. Galeguización da vida administrativa e apoio nas dúbidas que se puideren presentar sobre a corrección lingüística dos escritos emanados da actividade do centro.
- Ofrecer a colaboración do Equipo de Normalización Lingüística á Asociación de Nais e Pais de alumnas/os (ANPA), ás asociacións de alumnas/os, e a todos os colectivos e persoas da comunidade educativa para que poidan desenvolver a súa actividade en galego.
- Promover a reflexión e participación do alumnado sobre diversos aspectos da vida cidadá, social e cultural mediante actividades como as revistas Xermolo e Camaleón, os obradoiros “Lingua e sociedade”, a carreira


Correlingua, Taboleiro da lingua, etc.

- Procurar a creación de grupos de teatro, deportivos e musicais, que desenvolvan a súa actividade en galego. Facilitarlles canles de divulgación do seu traballo como o “Certame de teatro intercentros” ou os festivais que se celebran no centro en datas como Nadal, Entroido ou fin de curso.
- Colaborar nas actividades extraescolares organizadas pola Dirección do centro para facilitar contextos de relación co contorno que mostren o emprego vivo da lingua. Procurar visitas e excursións que teñan interese desde o punto de vista lingüístico e que contribúan á visibilidade da lingua galega.
- Divulgar na comunidade educativa o material didáctico ou de apoio en lingua galega existente no mercado, concedendo especial importancia a todo o relacionado coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Proporcionar información sobre a normativa legal que regula o uso da lingua, indicando en que medida lle afecta a cada membro da comunidade educativa.

2.1. Contexto sociolingüístico do centro

Ao non termos realizado até o de agora un proxecto sociolingüístico de centro, os datos que manexabamos sobre o uso das linguas no contorno social no que está inserido o centro eran aqueles que mostra o Mapa Sociolingüístico Galego e o “Estudio-Diagnóstico: Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela”. Estes estudos reflicten o retroceso xeral que experimenta a lingua galega ao longo do s. XX cunha continua perda

de falantes que afecta de xeito especial aos contornos urbanos e á poboación moza. Porén Santiago de Compostela presenta unha galeguización social lixeiramente superior á doutros núcleos urbanos de Galiza e unha actitude máis positiva cara á lingua. “Segundo os datos do MSG (RAG, 1994), Santiago é das cidades que amosa as porcentaxes máis elevadas de individuos que tiveron como lingua materna o galego (51’9%), fronte á Coruña (34’9%) ou Pontevedra (40’6%)¹”




¹ VVAA. Estudio-diagnóstico: Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia. 2002. Páx. 24

(...) “A porcentaxe de galego falantes iniciais que teñen estudos secundarios é algo superior en Santiago que no conxunto de Galicia así como a porcentaxe dos que teñen estudos universitarios. De forma xeral podemos indicar que o ascenso no nivel educativo conleva o descenso na proporción de suxeitos que aprenderon a falar en galego, esta tendencia é menos acusada en Santiago que no conxunto de Galicia²”

(...) “Os estudos máis recentes sobre a lingua da poboación de Santiago indican que esta é maioritariamente bilingüe. (...) O MSG cifra a porcentaxe de bilingües nun 59% : o 29% declara falar “máis castelán” e o 31% “máis galego”. A suma das porcentaxes das respostas “só galego” e “máis galego” indican que o 60% da poboación é galego falante, fronte a un 40% que fala só ou preferentemente castelán. Hai que resaltar que só o 11% dos suxeitos se declarou monolingüe en castelán”³.


² *ib.* 25

³ *ib.* 28



En canto á lingua habitual, esta garda estreita relación coa lingua inicial no Concello de Santiago: “A maior parte da poboación de Santiago tivo como lingua materna o galego (51%), fronte a un 33% que tivo o castelán e un 14% que tivo as dúas. (...) Os suxeitos que tiveron como lingua inicial o galego son predominantemente monolingües en galego (53’3%). En menor medida (40’6%) son bilingües con predominio do galego e tan só unha proporción reducida (6%) bilingües con predominio do castelán.”⁴

⁴ *ib.* 30.



A lingua empregada polo Concello é o galego e a maioría dos representantes dos diferentes partidos realizan as súas comunicacións públicas e as campañas en galego. Tamén a vida administrativa do Concello está galeguizada.

Asemade, as entidades asociativas do contorno (veciñais, culturais, deportivas, etc) mostran tamén unha actitude moi positiva e empregan a lingua galega (cando menos en público).

2.2. A situación singular do alumnado do IES Arcebispo Xelmírez I

O pasado curso o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística realizou entre 250 alumnas e alumnos do centro un extenso e moi enriquecedor inquérito sociolingüístico. O inquérito pasóuselle ao alumnado elixido (de todas as clases e cursos) o mesmo día e á mesma hora, procedendo logo o ENDL a extraer os datos pertinentes e a interpretalos.

Agora queremos reflectir parte deses datos neste Proxecto logo de expoñer os propios do MSG, para deixar patente a continua perda de falantes da que adoece a lingua galega, que non está a ser obxecto da protección que merece por parte das Administracións.

Perda de falantes, comparación xeracional

Un primeiro estudo feito sobre o inquérito que realizaron os alumnos e alumnas reflicte unha evidente perda xeracional de falantes en lingua galega: mentres que un amplo 52,01% do alumnado afirma que os seus avós falan ou falaban galego, fronte a un 23,38% que asegura que o facían en castelán, na seguinte xeración, é dicir os pais dos alumnos e alumnas, esta porcentaxe redúcese ao 36,69%, ao tempo que aumenta o número de proxenitores que teñen como lingua habitual o castelán, ofrecendo unha porcentaxe do 34,27%. Si lle engadimos a estas cifras aquelas persoas que falan maioritariamente, pero non exclusivamente, unha das dúas linguas oficiais de Galicia, obteríamos un arco diferencial aínda máis amplo: un 66,12% dos avós do noso alumnado empregaría sempre ou case sempre o galego, fronte ao 33,46% que o faría en castelán. Respecto dos pais, un 44,35% falarían sempre ou case sempre en galego, e un 48,38% empregarían de forma maioritaria o castelán. E para rematar con este dramático descenso, atopamos que os alumnos enquisados afirman nun solemne 70% falar castelán cos seus irmáns ou irmás, mentres que o 30% restante

o fai en galego.

Lingua materna

Ao alumnado que participou no inquérito preguntábaselle tamén, entre outras cousas, cal fora a súa lingua materna. O 16,93% dos enquisados manifestan ter aprendido a falar en galego, e un 24,19% aprender a falar en castelán. Con todo, resulta sorprendente que o 56,04% dos alumnos e alumnas aseguran que aprenderon a falar nas dúas linguas a un tempo, é dicir, que a maioría do alumnado sería bilingüe. Este dato tan alentador achégase ao que ofrece o MSG, no que se manifesta que un 59% dos cidadáns de Santiago son bilingües. Porén, o 52,82% dos alumnos/as asegura que hoxe en día domina mellor o castelán ca o galego, e só o 12,9% se expresa mellor na nosa lingua. Por outra banda existe un 2,82% de alumnado que aprendeu a falar noutra lingua; desta porcentaxe perdura na actualidade aínda un 1,21% que confesa non sentirse seguro falando galego nin castelán. Para este alumnado que ven de fóra prevemos unhas medidas especiais que exporemos máis adiante.

Estes datos que vimos de expoñer, e que semellan ser certamente equilibrados, sofren unha transformación intensa no ámbito social do alumnado, onde a preferencia da lingua española é francamente notoria. En efecto un 65,3% do alumnado confesaba ter parella, e dentro destas cifras descubrimos que un contundente 82,7% dos alumnos e alumnas empregan o castelán practicamente sempre no seo da súa relación, mentres que un tímido 17,89% do alumnado se sente máis cómodo falando galego coa súa parella. Na mesma liña atopamos que 84,46% dos rapaces e rapazas do IES Xelmírez I falan en castelán de xeito maioritario entre eles, e só o 14,91% o fai en lingua galega.

Preguntámoslles tamén aos alumnos e alumnas que lingua empregaban cando falaban cun descoñecido, e tamén neste contexto gaña o castelán, pois decántanse por el un 51,59% de rapazas e rapaces máis ca os que o fan en galego.

En referencia á internet e ás redes sociais os datos son especialmente demoledores: o 93,95% dos enquisados confesan que nunca ou case nunca fan uso da internet en galego; por outra banda, só 16,12% das alumnas e alumnos empregan o galego nas redes sociais.

Nas aulas, o 86,68% do alumnado afirma que entende perfectamente as clases en galego, aínda que logo non supere os 58,46% a porcentaxe de alumnos e alumnas que opinen que as clases en Galicia habería que impartilas sempre ou maioritariamente en galego.

Unha ampla maioría de enquisados e enquisadas considera que é importante non perder a lingua que nos é propia, e que os galegos debiamos de falar e escribir en galego a meirande parte das veces, en concreto a un 87,1% parécelles importante conservar a nosa lingua, e a un 72,17% parécelles que como galegos deberíamos falar e escribir sempre en galego.

No tocante ás institucións, e sempre afondando nas opinións dos estudantes, o 73,38% pensa que os políticos e gobernantes terían que usar preferentemente o galego. Un próximo 72,17% opina o mesmo respecto da administración da xustiza en Galicia; mentres que o 71,77% esixe que os xornais que se editen en Galicia estean escritos en galego.

2.3. A situación do profesorado

Resulta difícil precisar a situación lingüística do profesorado sen termos realizado ningún estudo ao respecto, mais a convivencia

permítenos sinalar uns trazos xerais:

- A maior parte do profesorado entende a diversidade lingüística e cultural como unha riqueza que hai que respectar.
- A maior parte do profesorado do IES Arcebispo Xelmírez I posúe unha boa competencia oral e escrita en galego.
- A maior parte do profesorado realizou cursos de formación de lingua galega.
- A maior parte do profesorado coñece e emprega material didáctico en galego sobre a disciplina que imparte.
- A maior parte do profesorado ten dúbidas sobre terminoloxía galega ou sobre a corrección de certas estruturas lingüísticas polo que cre cometer erros e sente inseguridade.
- A maior parte do profesorado fai uso das dúas linguas oficiais e tende a pasar ao castelán se algún alumno ou alumna se dirixe a el/ela nesta lingua.

2.4. A ambientalidade lingüística do centro

A tradición galeguizadora do IES Xelmírez I e a activa presenza de profesorado comprometido coa lingua e a cultura galegas crearon unha tradición favorable ao emprego da lingua galega. Así, desenvolvéronse interesantes iniciativas educativas altamente galeguizadoras como relatorios sobre viaxes de estudos, traballos de campo, intercambios, etc. que contribúen non só a mellorar a destreza escrita na lingua, mais tamén a súa valoración. A dotación de fondos en galego para a biblioteca do centro coidouse moito; a rotulación do centro está en galego; en galego tamén transcorre a vida administrativa e a relación coas familias. En xeral, a ambientalidade lingüística externa e visible do centro invita ao emprego do galego.

3.- Distribución lingüística curricular


No IES Xelmírez I impártense ensinanzas de E.S.O., bacharelato de réxime xeral, E.B.I de niveis I e II, E.S.A. de niveis I e II, bacharelato para persoas adultas, tres grupos de P.C.P.I. (Programas de Capacitación Profesional Iniciais) e o ciclo formativo de grao medio “Laboratorio de imaxe”.


3.1. Educación Secundaria Obligatoria


O Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece no seu artigos 7º o que segue:

Artigo 7º.- Educación Secundaria Obligatoria.

1. *Garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.*

 *As materias de lingua impartíranse na lingua de referencia.*

 *Impartíranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.*

 *Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos*

escolares.

Sen esquecer que as materias de lingua se impartirán no idioma de referencia, presentamos no cadro seguinte a distribución horaria⁵ e a lingua na que se impartirán as materias para a Educación Secundaria Obrigatoria.

E.S.O.	1º		2º		3º		4º	
	LG	LC	LG	LC	LG	LC	LG	LC
Bioloxía e Xeoloxía					2		3	
Ciencias da Natureza	4		3					
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3		3		3		3	
Educación Física		2	2		2		2	
Educación para a Cidadanía e Dereitos Humanos			2					
Educación Ético Cívica							1	
Educación Plástica e Visual	2				2		3	
Física e Química						2		3
Informática								3
Latín							3	
Lingua Galega e Literatura	4		3		3		3	
Lingua Castelá e Literatura		4		3		3		3
Matemáticas		4		4		4		3
Música				2		2		3
Tecnoloxía/s				3		2		3
Relixión /AE		2		1	1		1	
Proxecto Interdisciplinar		1						
Cultura Clásica						2		3
Taller de Iniciativas Emprendedoras					2		3	

⁵No cadro sombreamos de cor turquesa as materias que segundo a lexislación vixente se deben impartir obrigatoriamente en galego, e de cor amarela aquelas materias que se teñen que impartir en castelán, acorde co establecido no nomeado Decreto 79/2010, do 20 de maio.

TOTAL	1 3	1 3	1 3	1 3	1 5	1 5	2 2	21
--------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------	-----------

3.2. Bacharelato. Así se refire o Decreto 79/2010, do 20 de maio, a este nivel de estudos:

Artigo 8º.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

No presente proxecto lingüístico do centro IES Arcebispo Xelmírez I establécese a seguinte distribución lingüística curricular para os estudos de Bacharelato:

1º de Bacharelato (11 materias, incluídos idioma estranxeiro)			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e C. sociais	
castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semana)		Materias comúns (3 sesións/semana)	
Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.	Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.
Filosofía e cidadanía	CMC	Filosofía e cidadanía	CMC
Relixión/AE	Educación física	Relixión/AE	Educación física
Propias da modalidade -4 sesións/semana (3 materias)		Propias da modalidade -4 sesións/semana (3 materias)	
	Matemáticas I (obligatoria)	Hª. M. C.(obligatoria)	
Física e química	Debuxo técnico I		Mat. Aplic. ás CC. SS.
Bioloxía e xeoloxía		Grego I	Economía I
Tecnoloxía industrial			Latín I
Asignaturas optativas -4 sesións/semana (comúns a ámbalas dúas modalidades- só poden escoller 1)			
	Música	TICs	
	Matemáticas I	Física e química	
	Debuxo técnico I	Bioloxía e xeoloxía	
	Antropoloxía	Tecnoloxía industrial I	

	Hª. M. C.	Grego I	
	Economía	Latín I	
	Mat. Aplic. ás CC. SS. I	Literaturas hispánicas	

2º de Bacharelato (10 materias, incluído o idioma estranxeiro)			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e C. sociais	
castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semana)		Materias comúns (3 sesións/semana)	
Lingua castelá e lit. II	Lingua galega e lit. II	Lingua castelá e lit. II	Lingua galega e lit. II
Historia da filosofía	Historia de España	Historia da filosofía	Historia de España
	Relixión/A.E.		Relixión/A.E.
Optativas propias da modalidade -4 horas- (3 materias)		Optativas propias da modalidade -4 horas- (3 materias)	
	Matemáticas II (obligatoria)	Xeografía (obligatoria)	
Física	Debuxo técnico II	Latín II	Mat. Aplic. ás CC.SS II
Química	CC. Terra e Medioamb.	Grego II	Economía da empresa
Bioloxía	Tecnoloxía industrial II	Historia da arte	Literatura universal
Asignaturas optativas -4 sesións/semana-(comúns a ámbalas dúas modalidades- só poden escoller 1)			
	Ética e filosof. do dereito	Filos. da ciencia e tecn.	
	Xeogr. e Hª de Galicia	Métodos estad. e Nº	
	Literatura galega s. XX	Bioloxía	
	Matemáticas II	xeoloxía	
	Debuxo técnico II	Física	
	CC. Terra e Medioamb.	Química	
	Mat. Aplic. ás CC. SS. II	Historia da arte	
	Xeografía	Grego II	
	Economía da empresa	Latín II	
	Literatura universal	Hª da música	

3. 3. As seccións bilingües

Marco legal.

A norma que rexe e regula a promoción das seccións bilingües é a Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG do 20 de maio). As seccións bilingües promovéronse como consecuencia de dúas razóns que resultaron complementarias: unha lingüística e outra social, e nese espírito foron implantadas en Galicia desde o ano 1999, en que se iniciaron de xeito experimental.

Como define a orde “unha sección bilingüe é a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrada de contidos e linguas): na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas”.

3.3.1. Seccións binlingües de francés.

No noso centro as seccións bilingües do departamento de francés levan funcionando de xeito exemplar dende o ano académico 2000-2001. Actualmente cúrsanse en 3º e 4º de ESO, e en 1º de bacharelato, exclusivamente en estudos diurnos, de xeito tal que este curso lle daremos saída á 13ª promoción de alumnos e alumnas que completaron os seus estudos secundarios de xeito bilingüe, ou pode que debéramos dicir trilingüe, galego/español-francés. Tal e como

esixe a lei, todo o alumnado que pertence a unha sección bilingüe debe cursar o idioma que da nome á sección ben como primeira ou como segunda lingua estranxeira.

A orde do 12 de maio establece como máximo un terzo da utilización da lingua estranxeira como lingua vehicular, segundo o establecido polo Decreto 79/2010.

O IIES Arcebispo Xelmírez I establece a seguinte distribución curricular nos tres cursos das seccións bilingües:

3º ESO			4º ESO		
castelán	francés	galego	castelán	francés	galego
Lit. esp. e literatura	Bioloxía e xeoloxía	IL. gal. e literatura	L. esp. e literatura	Biolo. e xeoloxía	IL. gal. e literatuura
F. & Q.	Ed. física	CC.SS, xeog. e hª	F. & Q.	Ed. Física	CC.SS, xeog. e hª
Matemáticas		E.Plástica e visual	Informática		E. ético-cívica
Tecnoloxía		Música	Matemáticas		E.Plástica e visual
Cultura clásica		T.I.E.	tecnoloxía		Latín
		Relixión/A.E.	Cultura clásica		Música
			Relixión/A.E.		T.I.E.

1º de bacharelato “bilingüe” (engloba alumnado das dúas modalidades)				
Modalidade de ciencias e tecnoloxía			Modalidade de humanidades e ciencias sociais	
castelán	galego	francés	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semana)				
Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.	Educación física	Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.
Filosof. e cidadanía	Relixión/AE	C.M.C.	Filosof. e cidadanía	Relixión/AE
Optativas propias da modalidade -4 sesións/semana- (3 materias)				
	Matemáticas I	H.M.C. ⁶		

⁶Asignatura propia da modalidade de Humanidades e ciencias sociais, e optativa para alumnado de Ciencias e Tecnoloxía.

	(obligatoria)			
Física e química	Debuxo técnico I		Grego I	Mat. Aplic. ás CC. SS.
Bioloxía e xeoloxía				Economía I
Tecnoloxía industrial				Latín I
Asignaturas optativas- 4 sesións/semana- (comúns a ámbalas dúas modalidades- só poden escoller 1)				
	Música	H.M.C. ⁷	TICs	
	Matemáticas I		Física e química	
	Debuxo técnico I		Bioloxía e xeoloxía	
	Antropoloxía		Tecnoloxía industrial I	
	Economía		Grego I	
	Mat. Aplic. ás CC. SS. I		Latín I	
			Literaturas hispánicas	

3.3.2. A sección bilingüe de portugués.

O IES Arcebispo Xelmírez I puxo en funcionamento durante o curso 2013-2014 unha sección bilingüe de portugués no 3º curso da ensinanza secundaria obrigatoria, e tamén só nos estudos de réxime xeral, os estudos diurnos. A lei establece que o alumnado que pertence a unha sección bilingüe debe cursar o idioma que da nome á sección ben como primeira ou como segunda lingua estranxeira; no presente caso, dado que o portugués só se imparte no centro como segunda lingua estranxeira, todos os alumnos e alumnas de esta sección bilingüe cursan portugués como segunda lingua estranxeira.

⁷Asignatura propia da modalidade de Humanidades e ciencias sociais, e optativa para alumnado de Ciencias e Tecnoloxía.

O IES Arcebispo Xelmírez I establece a seguinte distribución curricular no terceiro curso da sección bilingüe de portugués:

3º ESO		
castelán	portugués	galego
Lit. esp. e literatura	E.Plástica e visual	IL. gal. e literatuura
F. & Q.		CC.SS, xeog. e hª
Matemáticas		Ed. física
Tecnoloxía		Música
Cultura clásica		T.I.E.
Bioloxía e xeoloxía		Relixión/A.E.

3. 4. Ensinanzas de persoas adultas.

Respecto da ensinanza de persoas adultas o citado decreto reza no seu

Artigo 10º.- Ensinanzas de persoas adultas.

1. Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

2. A consellería competente en materia de educación establecerá un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentando en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

No IES Arcebispo Xelmírez I impártense en réxime de ensinanza de persoas adultas os dous niveis de Ensinanzas Básicas Iniciais, a Educación Secundaria para Adultos, nos niveis I e II, dous bloques de bacharelato, o bacharelato para adultos de ciencias e tecnoloxía e o bacharelato de humanidades e ciencias sociais, e os Programas de Capacitación Profesional iniciais (PCPI).

Pasamos a referir o reparto horario de cada nivel e a lingua vehicular que se empregará en cada materia e nivel.

- E.B.I.

Nas ensinanzas básicas iniciais de nivel I impartiranse 12 periodos lectivos semanais, e 16 nas E.B.I. de nivel II, quedando a distribución lingüística das materias como vemos nesta táboa:

E.B.I. Nivel I		
Ámbito de coñecemento	Sesións semanais	Lingua vehicular
Cálculo matemático	6 horas	galego
lectoescritura	6 horas	castelán

E.B.I. Nivel II			
Ámbito de coñecemento	Sesións semanais	Distribución lingüística	
Cálculo matemático	6 horas	galego	
lectoescritura	galego	2 horas	galego
	castelán	2 horas	castelán
	inglés	1 hora	
Naturais e sociais	5 horas	castelán	

- E.S.A.

Ámbito de coñecemento	Nivel I		Nivel II		Distribución lingüística	
	1º	2º	3º	4º		
comunicación	6 h	6 h	4 h	4 h	galego	
Lingua estranxeira	2 h	2 h	2 h	2 h		
científico-tecnolóxico	8 h	8 h	8 h	8 h		castelán
social	3 h	3 h	4 h	4 h	galego	

Aplicacións multimedia	1 h	1 h	1 h	1 h	galego	
titoría	1 h	1 h	1 h	1 h		castelán
total	20 h	20 h	19 h	19 h		

- Bacharelato para persoas adultas.-

A continuación presentamos unha táboa na que incluímos as asignaturas que se impartirán en lingua galega e en lingua castelá:

1º de Bacharelato (10 materias)			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e C. sociais	
castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semána)		Materias comúns (3 sesións/semána)	
Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.	Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.
Educación física	CMC	Educación física	CMC
Relixión/A.E.	Filosofía e cidadanía	Relixión/A.E.	Filosofía e cidadanía
Propias da modalidade (4 sesións/semána)		Propias da modalidade (4 sesións/semána)	
	Matemáticas I	Hª. M.C.	
Bioloxía e xeoloxía	Debuxo técnico I	Economía	Latín I
Tecnoloxía industrial	Física e química	Grego I	Mat. Aplic.ás CC.SS I
Materias optativas comúns ás dúas modalidades (4 sesións/semána) - só poden escoller 1 ⁸			
	Antropoloxía	T.I.C.s	

2º de Bacharelato (10 materias)			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e C. sociais	
castelán	galego	castelán	galego

⁸En 1º bacharelato para persoas adultas a oferta de optativas redúcese a 2 materias: Antropoloxía e T.I.C.s; en 2º de bacharelato a oferta amplíase a 4 optativas: xeografía e hª de Galicia, métodos estadísticos numéricos, CC. Da terra e medioambiente, e literatura universal.

Materias comúns (3 sesións/semána)		Materias comúns (3 sesións/semána)	
Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.	Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.
Historia de España	Historia da filosofía	Historia de España	Historia da filosofía
	Relixión/A.E.		Relixión/A.E.
Propias da modalidade (4 sesións/semána)		Propias da modalidade (4 sesións/semána)	
Física	Matemáticas II	Xeografía	
Bioloxía	Debuxo técnico I	Economía d empresa	Latín II
Tecnoloxía Industrial II	Química	Grego II	Mat. Aplic.ás CC.SS II
Materias optativas comúns ás modalidades (4 sesións/semána) - só poden escoller 1			
	Xeog. e hª de Galicia	Me. Nu.	
	CC. da terra e medioambiente	Literatura universal	

- **P.C.P.I.**

O IES Arcebispo Xelmírez I conta tamén co PCPI 2º común modalidade A, que estrutura o seu ensino en dous cuadrimestres. Pasamos a presentar nunha táboa os distintos ámbitos de coñecemento e a distribución lingüística de cada un deles:

PCPI 2º común - modalidade A		
Primeiro cuadrimestre	sesións semanais	distribución lingüística
Científico-matemático II	8 horas	galego
Competencia comunicativa e dixital II ⁹	4 horas	castelán
sociedade e cidadanía	4 horas	castelán
formación complementaria de acceso a ciclos	3 horas	50% en galego e castelán
segundo	sesións semanais	distribución lingüística

⁹ No ámbito de coñecemento “Competencia comunicativa e dixital II”, así como no de “Comunicación”, que se imparte no 2º cuadrimestre, resérvase un 20% das sesións totais á impartición de idioma estranxeiro inglés.

cuadrimestre		
Científico-tecnolóxico	8 horas	galego
comunicación	4 horas	castelán
social	4 horas	castelán

3. 5. Ciclo formativo de grao medio “Laboratorio de imaxe”.

O Decreto 79/2010 di no artigo 9º, respecto da formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas.

1. *Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada de materias e módulos en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.*

2. *En todos os módulos garantirase que o alumnado coñeza o vocabulario específico nas dúas linguas oficiais.*

No ciclo formativo de grao medio “Laboratorio de imaxe” establécese a seguinte distribución lingüística curricular:

CM “LABORATORIO DE IMAXE”	
Lingua galega	Lingua española
Procesos da imaxe fotográfica	FOL
Tratamento de imaxes fotográficas por procedementos dixitais	Administración xestión e comercialización na pequena empresa
Positivado, ampliación e rematados	Revelado de soportes fotosensíbeis
FCT (Formación no Centro de Traballo), a lingua vehicular depende do propio centro de traballo onde se realicen as prácticas.	

4.- Medidas de apoio e reforzo para garantir os obxectivos de fomento do plurilingüismo

Cada curso escolar tratamos de que se leven a cabo diferentes actividades complementarias e extraescolares encamiñadas a fomentar o plurilingüismo, nas que se vexan implicados o maior número de departamentos didácticos. Todos os anos organízanse actividades de Librofórum nas que o alumnado vai lendo unha escolma de textos, nas diversas linguas que se imparten no instituto. En cursos anteriores desenvolvéronse obradoiros multilingüe-plurilingües de teatro, nos que participaron os departamentos didácticos das diferentes linguas impartidas no centro, ademais dos de Educación Física, Plástica e Música.

Ao mesmo tempo, desde o centro, impúlsase cada curso académico a realización de intercambios lingüísticos con outras zonas xeográficas da península como son o Bierzo, Cataluña, Cantabria, Euskadi, Castela, Valencia ou Andalucía. Tamén se levan a cabo intercambios con países de diferente fala á nosa como son Alemaña, Francia ou Portugal.

5.- Criterios para determinar a lingua predominante no contorno

Como xa sinalamos no punto “Contexto sociolingüístico do centro” os criterios para determinar a lingua predominante no contorno son os estudos sociolingüísticos xerais realizados polo Servizo de Sociolingüística da Real Academia Galega (Mapa Sociolingüístico Galego) ou o “Estudo-diagnóstico: Situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela”, realizado polo Concello. Porén, o inquérito realizado no mes de novembro a un número significativo de alumnos/as do centro é o traballo en que se basean as conclusións que adornan este proxecto lingüístico de centro; en efecto este informe, que esixiu un esforzo moi xeneroso por parte do E.N.D.L.,

sitúanos ante unha realidade clara, real, seria, e imposible de obviar. Estes datos son os que nos serven de orientación para determinar a lingua predominante do contorno no que se move o noso alumnado, e que xa quedou plasmado con carácter incontestable no apartado 2., sección “A situación singular do alumnado do IES Arcebispo Xelmírez I”.

6. Medidas adoptadas para mellorar a competencia lingüística do alumnado

A lingua galega experimenta na actualidade un innegable retroceso social que o sistema educativo debería contribuír a corrixir. O reparto ao 50% das aulas nas dúas linguas cooficiais non se pode considerar unha medida igualitaria, pois a posición social das dúas linguas non é idéntica. A educación, particularmente nos contornos urbanos, debería intensificar a presenza do galego para contrabalanzar o peso do castelán no contorno social do alumnado.

A competencia lingüística é un elemento clave na formación da persoa pois é a través da lingua como se apreenden os conceptos e como se transmite o pensamento. A educación coída a competencia lingüística e concede ao seu estudo unha grande importancia.

Para mellorar a competencia lingüística do alumnado, dada rixidez que nos impón o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), o centro promove as seguintes medidas:

- Fomento da lectura a través do Clube de lectura e de foros de debate sobre as obras lidas, convertindo a biblioteca do instituto en canle da cultura universal.
- Fomento asimesmo da lingua escrita por medio de certames literarios, tanto dentro do propio centro (certame de

microrelatos,...), como concursos locais e rexionais de máis nome e trascendencia (novo Certame de banda deseñada). Tamén é preciso estimular a participación na revista do ENDL do centro “Camaleón”, na que se poden abordar todos os temas baixo as máis diversas perspectivas.

- Participación en programas educativos adicados á mocidade (Programas de educación afectivo-sexual, drogodependencias, cineensino, etc.) nos que a verbalización de opinións persoais sobre temas atractivos para o alumnado os estimule a mellorar a competencia oral.
- Fomentar a consulta de fontes bibliográficas variadas e de fontes informáticas sobre os temas obxecto de estudo.
- Organizar no centro sesións de encontro con escritores/as co obxectivo que proxectar unha imaxe viva e actual da lectura e da literatura .
- Tentando acadar un uso normalizado da lingua galega, propoñemos o emprego da lingua galega, como lingua cooficial que é na Comunidade Autónoma de Galicia, en todos os documentos administrativos e pedagóxicos do centro, incluíndo a correspondencia ás institucións, e tamén, claro, ás familias, parte insigne da comunidade educativa, sin o apoio da que ningunha destas medidas acadaría o seu debido valor.
- Emprego do galego en todos os carteis que colgan nas paredes de aulas e corredores, e tamén na cafetería do instituto.
- Continuar o eximio labor que se esta a realizar coa actualización da páxina web do centro, e que esixe unha dedicación continuada e intensa. A actualización da páxina web do centro facilita a docentes, pais e nais, alumnos e alumnas información renovada día tras día en galego.

- Celebración de festas tradicionais galegas, coma as que se levan celebrando durante todo este curso 2011-2012: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas, e demáis actividades dinamizadoras que procuran a revalorización da nosa cultura, sempre proporcionando os recursos precisos ao profesorado.
- Cada curso académico tratamos de fomentar a normalización no uso do galego entre os nosos estudantes, así que ideamos unha medida para mellorar a competencia nesta lingua ao promover un día, por determinar, que denominaremos “24 horas en galego”. Durante todo ese día os alumnos e alumnas comprometeranse a empregar o galego en tódolos ámbitos. Ao longo da semana seguinte os alumnos e alumnas que participaron neste proxecto redactarán un informe, no que plasmarán a súa experiencia, os pros e contras, os puntos comúns e os polémicos no uso da lingua galega fronte á española. A dirección e un pequeno grupo de docentes correxirán os informes e agasallárase o mellor cun galano simbólico.
- Cada curso, dende a dirección e o departamento de Normalización e Dinamización da Lingua, ínstase ao alumnado a participar nos talleres de teatro, que ano tras ano levan a escena unha obra teatral en galego, que participa no certame “Intercentros”, que tan boa acollida ten entre os centros de ensino da bisbarra de Santiago. Baixo o noso punto de vista, fomentar o teatro, e a expresión artística en xeral, empregando o galego como lingua vehicular resúltalles aos estudantes positivo, divertido e moi edificante. O IES Xelmírez I, persoado na súa dirección, pensa darlle ao taller de teatro máis promoción nos vindeiros cursos académicos, de xeito que o número de “actores e

actrices” aumente cada ano.

- A mellora na competencia lingüística do alumnado estranxeiro é un tema moi sensible, que merece especial mención. En anos pasados tivo unha aceptación positiva e uns resultados interesantes a instauración por parte do ENDL do que denominaron “TAL”: o Tándem de Activación Lingüística é unha interesante iniciativa pensada para familiarizar coa lingua galega as persoas de fóra de Galiza que apenas a comprenden. A incorporación ao noso centro de alumnado estranxeiro convida a adoptar esta medida, para lograr a integración. O tándem consiste na organización de parellas que se comprometen a reunións periódicas nas que a lingua de comunicación sexa o galego. Desta maneira a/o alumna/o estranxeiro vai adquirindo a lingua e a/o alumno galega/o vai borrando o prexuízo lingüístico que asocia o galego co local e o internacional co español. O galego tamén se aprende.
- O Taboleiro da lingua é unha das actividades máis dinámicas que prevemos. Nun principio trátase dunha empresa propia do E.N.D.L., onde se expoñen as noticias que, aparecidas nos principais xornais e revistas, teñen na lingua a materia central, suscitando o interese do alumnado e mantendo constantemente unha información completa e actualizada sobre a normalización, os seus problemas e dando cabida tamén a artigos de opinión que xiran arredor da problemática lingüística. Cos anos, decatámonos de que son moitos os/as alumnos/as que amosan un interese especial polo taboleiro e que incluso aportan información, artigos, novas, etc., de xeito tal, que abriremos o taboleiro da lingua á intervención e expresión tamén do noso alumnado máis reivindicativo, pois son estas as novas que máis lle interesan.

7. Currículo integrado de linguas (C.I.L.)

Nos centros educativos ensínanse varias linguas usando diferentes termos para os mesmos elementos ou conceptos. Esta situación crea confusión nas/os estudantes. O concepto “Currículo integrado de linguas” pretende unificar a terminoloxía usada nas diferentes linguas que se ensinan e se estudan no ensino secundario. Tenderase a esta homoxeneización na medida do posíbel pois a terminoloxía utilizada reflicte as estruturas propias de cada lingua e non se produce unha correspondencia total de categorías entre elas. A través deste documento procúrase unha organización curricular coordinada dos departamentos das disciplinas de linguas da escola para elaborar unhas pautas comúns nos conceptos lingüísticos utilizados nas aulas.

Na Fonética e Fonoloxía os conceptos que se explican coinciden en todas as linguas. Na representación fonética todas seguen o alfabeto fonético internacional (A.F.I.)

Na Morfoloxía tamén se manexan os mesmos conceptos sobre os tipos de palabras, a estrutura das formas verbais e os tipos de perífrases. As diferenzas máis importantes están nas denominacións dos tempos verbais, mais estas débense ás características propias de cada lingua pois o nome de cada tempo verbal débese ao seu valor temporal. En consecuencia non é posíbel a homoxeneización. En todo caso tenderase sempre á utilización da terminoloxía máis simple expresada con vocabulario claro e accesible que facilite a comprensión dos conceptos ao alumnado.

Na Sintaxe é onde se presentan as diferenzas máis importantes. Na ensinanza de linguas da escola séguense dous modelos de análise sintáctica que presentan moitas coincidencias e

algunhas diferenzas. Están presentadas no seguinte cadro:

Gramática da lingua Galega		Outros modelos gramaticais	
Frase	NÚCLEO MODIFICADOR DETERMINANTE+ NOMINAL RELATOR+ TERMO Frase substantiva e frase nominal Frase adxectiva Frase verbal Frase adverbial Frase preposicional	Sintagma/ Grupo	Núcleo Complemento do nome Adxacente/modificador Determinante/Adxectivo determinativo/ Actualizador+ Nominal Enlace + termo Sintagma/grupo nominal Sintagma/grupo adxectivo Sintagma/Grupo verbal Sintagma/Grupo adverbial Sintagma/Grupo preposicional
Cláusula simple		Oración simple	
Funcións sintácticas	SUXEITO, PREDICADO, ATRIBUTO, PREDICATIVO, COMPLEMENTO AXENTE, COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL	Funcións sintácticas	Suxeito, Predicado, Atributo, Predicativo, Complemento Axente, Complemento circunstancial
	CD, CI, SUPLEMENTO		OD, OI, Complemento preposicional/ de réxime (verbal)
Cláusula complexa	Subordinada adxectiva ou de relativo	Oración/ proposición subordinada	Adxectiva ou de relativo
	subordinada substantiva		Substantiva
	Subordinada adverbial de lugar, de tempo e de modo		Adverbial de finalidade
Oración bipolar	Causal		Adverbial de lugar, de tempo e de modo
	Comparativa		Adverbial causal
	Concesiva		Adverbial comparativa
	Condicional		Adverbial concesiva
	Consecutiva		Adverbial condicional
Oración composta	Adversativa		Adverbial consecutiva
	Copulativa		Adversativa
	Disxuntiva	Copulativa	
	Distributiva	Distributiva	
		Oración coordinada	Disxuntiva

As coincidencias entre os dous métodos son grandes mais tamén se constatan diferenzas ben evidentes. A homoxeneización neste punto preséntase difícil de acadar pois cada sistema está explicado no correspondente libro de texto. Para resolver os problemas que esta situación puidese presentar, cada docente explicará na aula os conceptos de forma clara e con vocabulario sinxelo e comprensíbel para o alumnado. Os posíbeis transvasamentos de denominación de categorías dunha lingua a outra serán avaliados con comprensión. Por outra parte estas diferenzas non interfíren na comprensión do concepto e a/o estudante asimila os coñecementos captando as diferenzas e as similitudes. Desta maneira desenvolve unha maior competencia comunicativa pois as diferentes experiencias lingüísticas interactúan e alargan esta habilidade. Como os coñecementos non se gardan en compartimentos mentais separados, ao comprender as diferenzas, a/o alumna/o capta mellor as construcións propias de cada lingua e adquire un dominio lingüístico e comunicativo superior.

Addenda ao PLC do curso 2015-2016

O Decreto 79-2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), aclara no seu punto 4 o seguinte:

“4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- 1. Nos centros que imparten educación infantil (...)*
- 2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.*
- 3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.”*

O presente curso, coa recente implantación da LOMCE, a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, preséntanos unha dificultade engadida ao xurdiren novas materias e diferente distribución horaria nos cursos 1º e 3º da ESO e o 1º de bacharelato; desaparecen tamén os PCPIs, e deixa de ofertarse o ciclo formativo Imaxe e Son, para impartirse, seu lugar, o de Vídeo disc-jockey e Son. Así pois procederemos, como primeiro punto desta addenda, a realizar unha nova distribución para os cursos que se ven modificados coa implantación da nova lei de educación, co fin de evitar que este documento resulte obsoleto, ao non responder ás necesidades actuais que xera a nova lexislación.

- 1.** Distribución lingüística curricular das distintas materias nos cursos que experimentaron variacións coa implantación da

LOMCE.

1.1. 1º e 3º de ESO.- Nova distribución fiel á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Sombreamos de cor turquesa as materias que segundo a lexislación vixente se deben impartir obrigatoriamente en galego, e de cor amarela aquelas materias que se teñen que impartir en castelán, acorde co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio.

E.S.O.	1º		3º	
	LG	LC	LG	LC
Bioloxía e Xeoloxía			2	
Ciencias da Natureza	4			
Ciencias Sociais, Xeografía e Historia	3		3	
Educación Física		2	2	
Paisaxe e sustentabilidade en Galicia	2			
Educación Plástica e Visual	2		2	
Física e Química				2
Lingua Galega e Literatura	4		3	
Lingua Castelá e Literatura		4		3
Matemáticas		4		4
Música			2	
Tecnoloxía/s				2
Relixión		2		1
Valores Éticos		2		1
Proxecto Interdisciplinar		1		
Cultura Clásica				2
TOTAL	15	15	14	15

1.2. 1º de bacharelato.- Nova distribución fiel á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece:

Artigo 8º.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Propoñemos, pois, a seguinte distribución lingüística curricular para os estudos de 1º Bacharelato, dacordo co currículo que establece a LOMCE:

1º de Bacharelato (10 materias, incluídos idiomas estranxeiros)					
Modalidade de ciencias		Modalidade de humanidades		Modalidade de ciencias sociais	
castelán	galego	castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns-3 sesións/semana excepto Ed.Fis., que conta 2 horas semanais					
L. castelá e lit. I	L. galega e lit. I	L. castelá e lit. I	L. galega e lit. I	L. castelá e lit. I	L. galega e lit. I
Filosofía	Ed. física	Filosofía	Ed. física	Filosofía	Educación física
Bloco A, Materias propias da modalidade -4 sesións/semana (elixir 2)					
	Matemáticas I (obrigatoria)	Latín I (obrigatoria)			Matem. Apl.CCSS I (obrigatoria)
Física e química	Debuxo técnico I	Literatura Universal	Hª do mundo contemporáneo	Literatura Universal	Hª do mundo contemporáneo
Bioloxía e xeoloxía		Grego I	Economía	Grego I	Economía
Bloco B, 4 sesións/semana, excepto as tres materias marcadas con 3 horas. Comúns ás tres modalidades- só poden escoller 1 asignatura					
	Hª. M. C.	Bioloxía e xeoloxía			
	Debuxo técnico I	Tecnoloxía industrial I (3h)			
	Economía	Física e química			
	Matemáticas Ap. CCSS I	Latín I			

	Debuxo Artístico (3h)	Grego I	
	Linguaxe e práctica musical (3h)	Literatura Universal	
Bloco C, 2 horas semanais (común ás dúas modalidades- só poden escoller 1 asignatura)			
	Cultura científica	T. I. C.	
	Relixión	Análise e comentario de Texto ¹⁰	
		Cálculo Científico-matemático	

Seccións binlingües de francés.

No noso centro as seccións bilingües do departamento de francés levan funcionando de xeito exemplar dende o ano académico 2000-2001. Actualmente cúrsanse en 3º e 4º de ESO, e en 1º de bacharelato, exclusivamente en estudos diurnos. Tal e como esixe a lei, todo o alumnado que pertence a unha sección bilingüe debe cursar o idioma que da nome á sección ben como primeira ou como segunda lingua estranxeira.

A orde do 12 de maio establece como máximo un terzo da utilización da lingua estranxeira como lingua vehicular, segundo o establecido polo Decreto 79/2010.

O IES Arcebispo Xelmírez I establece neste documento unha distribución curricular nos tres cursos das seccións bilingües, mais o 3º curso da ESO e o 1º do bacharelato vense afectados pola entrada en vigor da LOMCE. Ademais desta circunstancia, este curso foi preciso redistribuir as materias das seccións bilingües, e non só nos casos afectados pola nova normativa, senó tamén no 4º curso da

¹⁰Aqueles alumnos e alumnas que estuden relixión deben escoller unha das dúas seguintes opcións; análise e comentario de texto, ou cálculo científico-matemático. As tres materias teñen unha carga lectiva de 1 hora semanal cada unha.

ESO. Velaquí as novas seccións bilingües de francés:

3º ESO		
castelán	francés	galego
Lingua española e literatura	Bioloxía e xeoloxía	Lingua galega e literatura
Física e química		Xeografía e historia
Matemáticas		E.Plástica e visual
Tecnoloxía		Música
Valores éticos		Relixión
Cultura clásica		Educación física

4º ESO		
castelán	francés	galego
Lingua española e literatura	Bioloxía e xeoloxía	Lingua galega e literatura
Física e química	Ciencias Sociais	Xeografía e historia
Matemáticas A ou B		E.Plástica e visual
Tecnoloxía		Música
latín		Relixión
Cultura clásica		Educación física
Taller de iniciativas emprendedoras		informática
		Imaxe dixital

1º de bacharelato “bilingüe” (engloba alumnado das dúas modalidades)				
Modalidade de ciencias e tecnoloxía			Modalidade de humanidades e ciencias sociais	
castelán	galego	francés	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semana)				
L. castelá e literatura	Lingua galega e lit.		Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.
Filosofía	Educ. física		Filosofía	Educ. física
Bloco A: Optativas propias da modalidade -4 sesións/semana- (3 materias)				
Bioloxía e xeoloxía	Matemáticas I		Latín I	Mat. Aplic. ás CC. SS.
Física e química	Debuxo técnico I		Grego I	Economía
			Literatura universal	

Bloco B: Asignaturas optativas- 4 sesións/semana, excepto as 3 marcadas con 3 horas. Comúns ás tres modalidades- só poden escoller 1				
	Debuxo técnico I		Bioloxía e xeoloxía	
	Economía		Tecnoloxía industrial I (3h)	
	Matemáticas Ap. CCSS I		Física e química	
	Debuxo Artístico (3h)		Latín I	
	Linguaxe e práctica musical (3h)		Grego I	
Bloco C: asignaturas optativas- 2 sesións semanais (comúns ás tres modalidades- só poden escoller 1)				
	T. I. C.	Cultura científica	Análise e comentario de Texto ¹¹	
	Relixión		Cálc. científico-matemático	

A sección bilingüe de portugués.

O IES Arcebispo Xelmírez I puxo en funcionamento durante o curso 2013-2014 unha sección bilingüe de portugués no 3º curso da ensinanza secundaria obrigatoria, e tamén só nos estudos de réxime xeral, os estudos diurnos.

O IES Arcebispo Xelmírez I establece a seguinte distribución curricular no terceiro curso da sección bilingüe de portugués, axeitándoa á Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa:

3º ESO		
castelán	portugués	galego
Lingua española e literatura	E.Plástica e visual	Bioloxía e xeoloxía
Física e química		Lingua galega e literatuura
Matemáticas		Xeografía e historia

¹¹ Aqueles alumnos e alumnas que estuden relixión deben escoller unha das dúas seguintes opcións; análise e comentario de texto, ou cálculo científico-matemático. As tres materias teñen unha carga lectiva de 1 hora semanal cada unha.

Tecnoloxía		Música
Cultura clásica		Relixión
Educación física		Valores éticos

1.3. Bacharelato para persoas adultas.-

A continuación presentamos unha táboa na que incluimos as asignaturas que se impartirán en lingua galega e en lingua castelá, atendendo aos cambios introducidos pola LOMCE:

1º de Bacharelato					
Modalidade de ciencias		Modalidade de humanidades		Modalidade de CC. sociais	
castelán	galego	castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semana)		Materias comúns (3 sesións/semana)			
Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.	L. castelá e lit.	Lingua galega e lit.	L. castelá e lit.	Lingua galega e lit.
Educación física	Filosofía	Educación física	Filosofía	Educación física	Filosofía
Propias da modalidade (4 sesións/semana)		Propias da modalidade (4 sesións/semana)			
Cultura científica	Matemáticas I	Latín I			Mat. Aplic.ás CC.SS I
Bioloxía e xeoloxía	Física e química	Grego I	Hª M. C.	Lit. universal	Hª M. C.
Materias optativas comúns ás dúas modalidades (4 sesións/semana) - só poden escoller 1					
	Debuxo técnico I	Cultura científica	T.I.C.s	Cultura científica	T.I.C.s
		Hª do Mundo Contemp.			
Común ás tres modalidades					
Relixión			Análise e com. de texto		
			C. científico-matemático		

2º de Bacharelato			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e C. sociais	
castelán	galego	castelán	galego
Materias comúns (3 sesións/semána)		Materias comúns (3 sesións/semána)	
Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.	Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.
Historia de España	Historia da filosofía	Historia de España	Historia da filosofía
	Relixión/A.E.		Relixión/A.E.
Propias da modalidade (4 sesións/semána)		Propias da modalidade (4 sesións/semána)	
Física	Matemáticas II	Xeografía	
Bioloxía	Debuxo técnico I	Economía d empresa	Latín II
Tecnoloxía Industrial II	Química	Grego II	Mat. Aplic.ás CC.SS II
Materias optativas comúns ás modalidades (4 sesións/semána) - só poden escoller 1			
	Xeog.. e hª de Galicia	Me. Nu.	
	Ética e filosofía do dereito	Literatura universal	
	CC. da terra e medioambiente		

1.4. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa suprime os Programas de Capacitación Profesional Iniciais, de modo que este curso 2015-2016 non se impartirán clases de PCPI no IES Arcebispo Xelmírez I.

1.4. Ciclo formativo Vídeo Disc-Jockey e son. No presente curso suprimiuse o ciclo formativo de grao medio “Imaxe e Son” e implantouse no seu lugar o ciclo formativo “Vídeo Disc-Jockey e Son”

Ciclo formativo “Vídeo Disc-Jockey e Son” - réxime ordinario			
Lingua galega	horas	Lingua española	horas

CGS	8	TEDI	9
PSVDJ	7	IMES	8
FOL	4		
Horas semanais en lingua galega	19	Horas semanais impartidas en castelán	17

Ciclo formativo "VÍdeo Disc-Jockey e Son" - oferta modular			
Lingua galega	horas	Lingua española	horas
IMES	8	TEDI	9
CGS	8	PSVDJ	7
FOL	3		
Horas semanais en lingua galega	19	Horas semanais impartidas en castelán	16

Addenda ao PLC do curso 2016-2017

O Decreto 79-2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio), aclara no seu punto

4 o seguinte:

“4. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

1. Nos centros que imparten educación infantil (...)

2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.”

O presente curso, coa implantación dos novos cursos LOMCE, a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, debemos reformular a distribución horaria nos cursos 2º e 4º da ESO e o 2º de bacharelato. Así pois procederemos, como primeiro punto desta addenda, a realizar unha nova distribución para os cursos que se ven modificados coa implantación da nova lei de educación, co fin de evitar que este documento resulte obsoleto, ao non responder ás necesidades actuais que xera a nova lexislación.

1. Distribución lingüística curricular das distintas materias nos cursos que experimentaron variacións coa implantación da LOMCE.

1.1. Estudos diurnos.

1.1.1. 2º de ESO.- Nova distribución fiel á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Sombreamos de cor turquesa as materias que segundo a lexislación vixente se deben impartir obrigatoriamente en galego, e de cor amarela aquelas materias que se teñen que impartir en castelán, acorde co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio.

E.S.O.	2º	
	LG	LC

Xeografía e Historia	3	
Educación Física	2	
Oratoria	1	
Física e Química		3
Lingua Galega e Literatura	3	
Lingua Castelá e Literatura		3
Matemáticas		5
Música	2	
Tecnoloxía/s		3
Relixión	1	
Valores Éticos	1	
TOTAL	13	14

1.1.2. 4º de ESO. Nova distribución fiel á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

4º ESO			
Ensinanzas académicas		Ensinanzas aplicadas	
castelán	galego	castelán	galego
Materias troncais, comúns a todo o alumnado (3, 2 e 1 sesións semanais)			
	Xeografía e historia	Lingua castelá e literatura	
	Lingua galega e literatura	Valores éticos (1 h)	
	E. F. (2 h)		
	Relixión (1 h)		
Materias de opción (4 sesións semanais)			
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académica		Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	
Materias troncais de opción (3 horas semanais)			
Física e Química	Bioloxía e Xeoloxía	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
	Economía	Tecnoloxía	
	Latín		

Materias específicas (3 sesións semanais)			
	Artes Escénicas e Danza	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	
	Cultura Científica	Física e Química	
	Bioloxía e xeoloxía	Ciencias aplicadas á Actividade Profesional	
	Economía	Tecnoloxía	
	Filosofía	Música	
	Latín	Cultura Clásica	
	Ed. Plástica, Visual e Audiovisual	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	
Total	42 horas en galego	42 horas en castelán	

1.1.3. 2º de bacharelato.- Nova distribución fiel á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece:

Artigo 8º.- Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

Propoñemos, pois, a seguinte distribución lingüística curricular para os estudos de 1º Bacharelato, dacordo co currículo que establece a LOMCE:

2º de Bacharelato (10 materias, incluídos idiomas estranxeiros)		
Modalidade de ciencias	Humanidades e ciencias sociais	
	Modalidade de	Modalidade de cc. ss.

		humanidades			
castelán	galego	castelán	galego	castelán	galego
Materias troncais - 3 sesións/semana					
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II
Matemáticas I	Hª de España	Latín II	Hª de España	Matemáticas aplicadas ás CC. SS.	Hª de España
Materias troncais de opción: 4 sesións/semana.					
Bioloxía	Xeoloxía		Xeografía	Economía da empresa	
Física	Debuxo técnico II		Historia da filosofía	Grego II	
	Química		Hª da Arte		
Específicas de opción e libre configuración					
	CC. da Terra e do Medio Ambiente	Análise Musical II			
	Imaxe e Son	Debuxo Artístico II			
	Tecnoloxía Industrial II	Fundamentos de Admon e Xestión			
	Relixión	Psicoloxía			
	Debuxo Técnico II	Hª da Música e Danza			
	Xeoloxía	Economía da Empresa			
	Xeografía	Técnicas de Expresión Gráfico-plástica			
	Física	Tecnoloxías da Información e da Comunicación II			
	Hª da Filosofía	Bioloxía			
	Química	Hª da Arte			

	Libre configuración do centro	Grego I			
14	56	50	18	14	6
Ofértanse en total 78 horas en castelán e 80 horas en galego					

1.1.4. Seccións binlingües de francés.

No noso centro as seccións bilingües do departamento de francés levan funcionando de xeito exemplar dende o ano académico 2000-2001. Actualmente cúrsanse en 3º e 4º de ESO, e en 1º de bacharelato, exclusivamente en estudos diurnos. Tal e como esixe a lei, todo o alumnado que pertence a unha sección bilingüe debe cursar o idioma que da nome á sección ben como primeira ou como segunda lingua estranxeira.

A orde do 12 de maio establece como máximo un terzo da utilización da lingua estranxeira como lingua vehicular, segundo o establecido polo Decreto 79/2010.

O IES Arcebispo Xelmírez I establece neste documento unha distribución curricular nos tres cursos das seccións bilingües. O 3º curso da ESO e o 1º do bacharelato víronse xa afectados pola entrada en vigor da LOMCE o pasado curso 2015-2016. Este curso é preciso redistribuir as materias das seccións bilingües tamén para 4º curso da ESO. Velaquí as novas seccións bilingües de francés para 4º:

4º ESO				
Ensinanzas académicas			Ensinanzas aplicadas	
castelán	galego	francés	castelán	galego
Materias troncais, comúns a todo o alumnado (3, 2 e 1 sesións semanais)				
	Lingua galega e literatura	Xeografía e historia	Lingua castelá e literatura	
	E. F. (2 h)		Valores éticos (1)	
	Relixión (1 h)			

Materias de opción (4 sesións semanais)				
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académica			Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	
Materias troncais de opción (3 horas semanais)				
Física e Química	Economía	Biología e Xeoloxía	Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional	Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial
	Latín		Tecnoloxía	
Materias específicas (3 sesións semanais)				
	Artes Escénicas e Danza		Tecnoloxías da Información e da Comunicación	
	Cultura Científica		Física e Química	
	Biología e xeoloxía		Ciencias aplicadas á Actividade Profesional	
	Economía		Tecnoloxía	
	Filosofía		Música	
	Latín		Cultura Clásica	
	Ed. Plástica, Visual e Audiovisual		Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial	
Total: 36 horas en galego, 6 horas en francés, 41 horas en castelán				

1.2. Estudos do réxime de adultos.

1.2.1. E.S.A.

Ámbito de coñecemento	Nivel I		Nivel II		Distribución lingüística	
	1º	2º	3º	4º		
Ámbito de comunicación	6 h	6 h	5 h	5 h	galego	
Ámbito científico-tecnolóxico	8 h	8 h	8 h	8 h		castelán
Ámbito social	3 h	3 h	4 h	4 h	galego	
titoría	1 h	1 h	1 h	1 h		castelán
total					9 horas	9 horas

2.2.2. Bacharelato para persoas adultas.-

A continuación presentamos unha táboa na que incluimos as asignaturas que se impartirán en lingua galega e en lingua castelá, atendendo aos cambios introducidos pola LOMCE:

1º de Bacharelato					
Modalidade de ciencias		Modalidade de humanidades		Modalidade de CC. sociais	
castelán	galego	castelán	galego	castelán	galego
Materias troncais - 3 sesións/semana					
Lingua castelá e lit.	Lingua galega e lit.	L. castelá e lit.	Lingua galega e lit.	L. castelá e lit.	Lingua galega e lit.
Educación física	Filosofía	Educación física	Filosofía	Educación física	Filosofía
Materias troncais de opción: 4 sesións/semana.					
Cultura científica	Matemáticas I	Latín I	Hª M. C.	Lit. universal	Mat. Aplic.ás CC.SS I
Bioloxía e xeoloxía	Física e química	Grego I			Hª M. C.
Específicas de opción: 4 sesións semanais					
	Debuxo técnico I	Cultura científica	T.I.C.s	Cultura científica	T.I.C.s
		Hª do Mundo Contemp.			
Común ás tres modalidades					
Relixión			Análise e com. de texto		
			C. científico-matemático		
15	18	22	15	14	18
Ofértanse en total 51 horas en lingua castelá e 51 horas en lingua galega					

2º de Bacharelato			
Modalidade de ciencias e tecnoloxía		Modalidade de humanidades e CC. sociais	
castelán	galego	castelán	galego
Materias troncais - 3 sesións/semana (excepto relixión-1h-)			

Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.	Lingua esp. E lit.	Lingua galega e lit.
Historia de España	Historia da filosofía	Historia de España	Historia da filosofía
Materias troncais de opción: 4 sesións/semana.			
Física	Matemáticas II	Grego II	Economía da empresa
Bioloxía	Debuxo técnico I	Matemáticas Aplicadas II	Hª da filosofía
Tecnoloxía Industrial II	Química	Latín II	
Específicas de opción: 4 sesións semanais			
CC. da terra	Xeografía / Arte	CC. da terra	Xeografía / Arte
	Hª da filosofía		
Común ás tres modalidades			
Relixión		Análise e com. de texto	C. científico-matemático
23	26	23	19
Ofértanse en total 46 horas en lingua castelá e 45 horas en lingua galega			

2.2.3. Ciclo formativo Vídeo Disc-Jockey e son.

Ciclo formativo "Vídeo Disc-Jockey e Son" - réxime ordinario - 1º curso			
Lingua galega	horas	Lingua española	horas
CGS	8	TEDI	9
PSVDJ	7	IMES	8
FOL	4		
Horas semanais en lingua galega	19	Horas semanais impartidas en castelán	17

Ciclo formativo "Vídeo Disc-Jockey e Son" - réxime ordinario - 2º curso			
Lingua galega	horas	Lingua española	horas
Animación visual en vivo	12	Animación musical en vivo	12
Empresa e iniciativa emprendedora	7	Captación, edición e mestura de son	9
Horas semanais en lingua galega	19	Horas semanais impartidas en castelán	21

Ciclo formativo “Vídeo Disc-Jockey e Son” - oferta modular			
Lingua galega	horas	Lingua española	horas
Animación visual en vivo	8	Animación modular en vivo	8
Empresa e iniciativa emprendedora	2	Captación, edición e mestura de son	6
Horas semanais en lingua galega	10	Horas semanais impartidas en castelán	14

2. Programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior.

O pasado curso puxemos en marcha unha serie de actividades para a dinamización e normalización da lingua galega, que pasamos a detallar:

1. Participación na dotación de materiais bibliográficos e videográficos en galego.

1.1 Tal e como aconteceu xa en cursos anteriores, o Equipo de Dinamización Lingüística ten interese en participar na dotación de materiais bibliográficos e videográficos en galego con valor didáctico e demandados pola comunidade educativa. Por isto procuramos informarnos e informar das novidades editoriais que vaian saíndo ao mercado e poñendo en coñecemento da comunidade educativa todas as adquisicións que se realizan. Neste punto foinos de gran axuda a relación de cooperación e amizade que mantivemos durante este curso co creador o blog sobre crítica literaria Armando Requeixo (<http://armandorequeixo.blogaliza.org/>), que nos tiña ao tanto de todo canto en lingua galega se publica no país.

1.2. Estableceuse unha colaboración activa coa biblioteca e os clubs de lectura, tanto co club de lectura de alumnos/as como co club de lectura de pais e nais, a fin de introducir obras de lectura en galego, ben orixinais de autores galegos, ben traducións. Convidamos a autores en lingua galega ao centro,

como Antón Seijas Cruz, María López Sáñez, que ademais colaboraron activamente como xurados na IV edición do certame de banda deseñada AX1, Manuel Núñez Singala e Sechu Sende. Tamén participamos activamente en manter ao día a conta de Twitter da biblioteca, enchéndoa de novas referidas á nosa lingua e a nosa cultura.

Así, incentivamos a lectura, favorecemos a mellora das habilidades lectoras na nosa lingua e poñémola en valor como lingua de cultura. Esta actividade afecta a totalidade do alumnado do centro, e tamén a aquelas familias vencelladas ao club de lectura da biblioteca do centro.

2. Continuación do grupo de teatro “Vai no Dentista”.

Tamén este curso académico o grupo de teatro merece unha mención especial, pero desta volta non por estar de aniversario, senón porque Vai no Dentista tivo unha axenda moi ampla e esixente, que pasamos a enumerar.

2.1. *Desnortados* é o título da obra que Vai no Dentista traballou durante a fin do verán e parte do primeiro trimestre do curso. Non é habitual que este grupo poña en escena dúas obras no mesmo curso académico, pero o reto chegounos desde Italia, a finais do curso pasado, na 2ª quicena de xuño. O labor pedagóxico que realizamos no IES A. Xelmírez I a través do teatro materializouse nunha invitación da Asociación AGITA para asistir a un encontro teatral en Altopascio, Italia. AGITA, constituída desde 1994 co obxectivo de promover a cultura teatral e artística na escola, na sociedade, na familia e nas institucións, é famosa pola súa promoción da arte, a través de festivais (como o coñecido FIAF, de música clásica, ou o ItinerAgita de teatro), seminarios e obradoiros para alumnado e docentes. A través dun dos seus organizadores, Salvatore Guadagnuolo, Agita, que representa en Italia a asociación IDEA (Asociación Internacional de Drama/Teatro e Educación), expresou o seu desexo de que Vai No Dentista participase este curso, entre o 4 e o 9 de novembro, nun certame teatral en Altopascio, na rexión de Lucca. Guadagnuolo explicounos por correo que se trataba dun festival que se ía desenvolver nun

lugar histórico, etapa da “Via Francigena”, ruta de peregrinación que levaba aos camiñantes de Canterbury a Roma, para visitar a tumba de San Pedro na Cidade do Vaticano. O convite foi de carácter institucional: o Concello de Altopascio enviounos unha invitación formal, na que se lle ofrecía ao grupo de teatro aloxamento e comida durante todos os días que duraba o encontro.

O alumnado integrante do grupo de teatro, pois, coa coordinadora do EDL á fronte, viaxou a Italia, onde conviviu e traballou co resto de mozos e mozas que tamén participaron, e, naturalmente, tamén cos membros da organización. O obxectivo deste encontro, entendemos desde o IES A. Xelmírez I, foi o de irmandar cultural e artisticamente dúas cidades históricas -Santiago e Altopascio- que teñen en común a peregrinación, a viaxe e o camiño, e os entenden como encontro e confluencia de culturas.

Vai no Dentista representou alí, no Teatro Puccini de Altopascio a obra ***Desnortados***, de creación propia e en galego, que recrea aquela viaxe que non se emprende por pracer, a que leva a homes, mulleres e nenos a tomar un camiño que os leva un norte falto de calor, no que non se atopa máis que a propia sombra; durante os cinco días que duraron os obradoiros, os integrantes do grupo viviron unha das mellores experiencias da súa historia.

2.2. Por outra banda, Vai no Dentista participou coa obra ***A síndrome de Wendy*** no *XXI Certame de Teatro Intercentros de Santiago de Compostela*, organizado pola “Coordinadora dos Equipos de Normalización de Santiago e Comarca”, á fronte da cal estivo este curso a que asina este documento: Sagrario Torrado Blanco, coordinadora do EDL do IES A. Xelmírez I.

Tras o aprendido na aventura cos responsables de Agita en Italia, propuxémoslles aos compañeiros dos restantes EE.DD.LL de Santiago e comarca, cambiar lixeiramente o certame Intercentros este curso, eliminar o matiz competitivo e convertilo nun encontro de grupos de teatro escolares, co obxectivo de aprender uns dos outros, e coa mirada posta no escenario do Teatro Principal de Santiago de Compostela. Despois de moitas reunións cos técnicos de educación do Concello de Santiago, chegamos ao acordo de celebrar o festival Intercentros os días 17 e 18 de abril para os grupos de

secundaria, e o 9 de maio para os de primaria:

- http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=14425&lg=gal.
- <https://www.youtube.com/watch?v=GReIJ8wCYuo>
- http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=14534&lg=gal

Deste xeito, todos os grupos de teatro, tanto os de primaria como os de secundaria, tiveron o privilexio de subir as súas creacións, o seu traballo, ás táboas do Principal, que tiña as portas abertas a toda a comunidade educativa: compañeiros, profesores, familias e amigos.

Na categoría de primaria participaron o Colexio San Jorge (ensinanza concertada), CEEPR ASPANAES Duques de Lugo (centro de educación especial privado-concertado, asociación de persoas con espectro autista) e o CEIP de Prácticas López Ferreiro (ensinanza pública). Na quenda de secundaria representaron as súas obras un total de seis institutos, CPI e CPPI da comarca de Santiago: os II.EE.SS. Arcebispo Xelmírez I, Eduardo Pondal, Pontepedriña e Rosalía de Castro, o CPI de Vedra, e o CPPI de Rois.

Esta nova edición do certame foi un verdadeiro éxito e foi un luxo para todos e todas as participantes a acollida que se nos deu no T. Principal e no Concello de Santiago; asimesmo, as familias, amizades e profesorado dos rapaces e rapazas que participaron amosaron a súa satisfacción por este xiro que se lle deu ao certame. Un xiro que non fai senón consolidar definitivamente unha iniciativa innovadora dos Equipos de Normalización de Santiago e comarca que merecería, pola súa singularidade e pola alta rendabilidade normalizadora entre ao alumnado, un apoio económico especial por parte da administración educativa; non esquezamos que o teatro é un xénero de grande interese cultural que convén potenciar desde a etapa de formación e que unha alta porcentaxe de rapaces e rapazas ten poucas posibilidades e pouco ou ningún hábito de asistir a unha representación teatral.

Esta actividade implica directamente ao alumnado que participa no grupo de

teatro mais tamén ao que asiste como público ás representacións e aos seus familiares.

2.3. Por último sinalar que o grupo de teatro en lingua galega do IES Arcebispo Xelmírez I se presentou coa obra representada o pasado curso a dous certames de teatro de natureza autonómica e nacional, resultando gañadores na fase autonómica dos **Premios Buero de Teatro Xoven 2016**, da fundación Coca-Cola, premio que recolleemos nunha gala celebrada en A Coruña o pasado 2 de xuño de 2016. Naturalmente o EDL acompañou ao grupo en todo momento, e debemos afirmar que a repercusión que estes premios tiveron entre o alumnado do instituto, tanto os que colaboran no teatro como axudantes ou actuando sobre o escenario, como no resto dos compañeiros e compañeiras foi tan grande, que consideramos que este curso o EDL cumpriu coa súa tarefa de promoción da lingua e cultura galegas só con esta actividade, convertíndose nunha das iniciativas máis dinámicas e activas do centro.

- <https://www.youtube.com/watch?v=vIk7QMRLs0U>

3. Divulgación de información sobre cuestións sociolingüísticas e documentación. Ao longo do curso facilitóuselle á comunidade educativa toda a información en materia lingüística que consideramos interesante. Así, distribuíuse entre o alumnado tanta información sobre premios, certames e concursos musicais e literarios foron chegando ao centro, nomeadamente do Premio Ánxel Casal, coorganizado polo Concello de Santiago e un instituto da nosa cidade. Lembremos que este premio é economicamente o máis importante para ensino non universitario no noso país e que foi o noso centro quen propuxo a súa creación, como unha iniciativa máis entre os actos conmemorativos do Sesquicentenario da fundación do Instituto no ano 1996; o EDL dotou tamén ao centro de material bibliográfico, revistas, biografías e outras obras en lingua galega.

4. O Taboleiro da lingua é unha das actividades máis antigas e visibéis do EDL pois expóñense nel as noticias que, aparecidas nos principais xornais e

revistas, teñen na lingua a materia central. O seu contido suscita o interese tanto do alumnado como dos pais e nais que se achegan ao centro a informarse das actividades educativas que se organizan. O taboleiro mantén unha información completa e actualizada sobre a normalización e dá cabida a artigos de opinión que xiran arredor da problemática lingüística. Esta actividade implica a todos os membros do equipo de normalización, que se encargan de recoller a información na prensa.

5. Actualización da páxina web do centro, incluíndo todas as novas iniciativas, os certames, os eventos teatrais, os actos e galas de entrega de premios, as actas dos mesmos, e fotos dos proxectos que o EDL desenvolveu ou nos que participou este curso.

6. Axenda escolar. Este curso O EDL continuou con esta iniciativa de éxito doutros anos: a Axenda escolar. Esta idea xa se realizou no IES Xelmírez I nos cursos 2000-2001 , 2001-2002, 2008-2009, 2011-2012, 2012-2013, 2013-2014, 2014-2015 e no 2015-2016. Trátase dunha empresa ambiciosa pero altamente atractiva, e este curso realizámola novamente, co tema motor: pintores de Galiza. A Axenda escolar acadou dous obxectivos:

1.- Servir de estímulo educativo na medida en que axuda aos escolares a organizar as súas actividades.

2.- Incluír información diversa sobre mulleres de grande importancia da nosa comunidade, que se caracterizaron pola súa actividade en defensa da dignificación e ampliación de usos para a lingua galega.

Esta actividade incideu en toda a comunidade educativa:

a) No alumnado, que é o seu primeiro destinatario pois os contidos da Axenda salientan a valoración positiva da lingua e da cultura galegas.

b) No profesorado, tamén destinatario da axenda pois lembra a vinculación coa lingua galega de figuras eminentes da nosa sociedade que destacaron en

campos diversos ao longo da historia. Parece evidente que se esas personalidades amaron e empregaron o galego, non debe haber motivos para non o facermos nós.

c) Na situación lingüística do centro pois vincula a lingua aos quefaceres cotiáns.

d) No contorno sociolingüístico do centro pois nos fogares e no círculo de relacións sociais de alumnado e profesorado esperta interese e contribúese, así, á divulgación da nosa cultura.

7. Igual que se fixo o curso pasado, este curso levamos a cabo a **actualización do PLC** tal cal esixe a normativa vixente, unha tarefa que debemos realizar a comezos de curso e, acto seguido, subir o documento á páxina web do instituto para que poida ser consultada por toda a comunidade educativa.

8. Colaboración no festival de Nadal. Durante os últimos cursos académicos, vense realizando no centro un festival de Nadal, que se celebra o derradeiro día lectivo do ano, e no que o alumnado fai gala das súas habilidades en diferentes campos do arte. Velar por que o fagan axeitadamente e polo emprego do galego neste acto, do que tamén poden os alumnos e alumnas tirar ensinanzas, é tarefa de varios profesores e profesoras que voluntariamente lle adican horas do seu tempo a este labor. O Equipo de Dinamización quíxose sumar este curso a este grupo de docentes e coordinar con eles o evento que contou con actuacións musicais de alumnos/as e profesores/as, e petiscos da obra de teatro que co grupo “Vai no Dentista” representamos en Italia. Foi un éxito.

9. Letras Galegas. Este curso, igual que os cursos anteriores, o EDL e o departamento de galego colaboraron no exaltación do día das Letras Galegas, día de gabanza da nosa lingua a través da súa manifestación literaria. Ademais do traballo na aula co alumnado, que durante esa semana xira en torno á

actividade intelectual galega e á figura do personaxe rememorado ese ano, o EDL, coa colaboración da ANPA e o dpto de galego, trouxo ao centro un contacontos, Cándido Pazó, que actuou para todo o alumnado da ESO o mércores 18 de maio.

10. Participación no Correlingua. Os coordinadores e coordinadoras dos Equipos de Dinamización Lingüística dos centros de ensinanza secundaria da comarca de Santiago valoramos moi positivamente a participación na actividade lúdico reivindicativa “*Correlingua*”. Logo do éxito desta actividade ao longo dos dezanove anos nos que se leva desenvolvido, salientamos este acto simbólico como defensa do idioma e o interese co que o alumnado segue esta carreira non competitiva. Para a participación nesta actividade o alumnado pinta camisetas ou, como este curso, panos para o pescozo, con lemas alusivos á normalización lingüística e creou e pintou unha pancarta con idéntico fin. Neste traballo implícanse os titores dos grupos de 2º de ESO e o profesorado de Debuxo e Plástica e supón para o alumnado unha fonte de satisfacción e implicación activa na carreira. Nesta actividade participaron uns 60 alumnas e alumnos de 2º de E.S.O.

11. Certame de Banda Deseñada AX1. O curso 2012-1013 fraguose no IES Arcebispo Xelmírez I o certame de banda deseñada AX1, aberto a todo o alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia, de réxime xeral e de adultos. Este proxecto, que contou co praxe e inestimábel colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levouse a cabo grazas ao traballo de coordinación do equipo de dinamización da lingua, o departamento de debuxo e artes plásticas, a dirección do centro, e a colaboración de 4 xurados expertos na materia, convertíndose nunha das actividades máis transversais do instituto. Este curso 2015-2016 acábase de publicar na páxina web do instituto a acta de resolución da terceira edición do AX1 (do 23 de maio de 2016) e puidemos constatar o enorme interese que esperta no alumnado da nosa comunidade un certame destas características, que busca o vencello dun xénero que cautiva aos rapaces e rapazas de hoxe en día coa lingua galega. Por outra parte, o

cómic é un xénero moi versátil: fusiona as artes plásticas, a literatura, a historia, a cinematografía e as novas tecnoloxías, e demanda nos autores e as autoras non só imaxinación e habilidades artísticas, senón tamén capacidade de concreción, orixinalidade e orde no viñetado, e organización e claridade á hora de presentar unha arquitectura narrativa ben trabada.

O incremento de participación ano tras ano durante estas catro edicións, e a gran calidade dos traballos presentados ao concurso, anímánnos a seguir traballando pola consolidación dun certame que evidencia que o talento, a actualidade e a cultura poden convivir en harmonía coa tradición e a lingua propias, que é, en definitiva, o que nos move. E así no lo demostran os gañadores de esta IV edición do certame AX1.

Categoría de 12 a 16 anos:

- Primeiro premio para o traballo ***Diario dun Debuxante*** de **Ismael López Arias**, alumno do IES Universidade Laboral de Ourense.
- Segundo premio outorgado a ***Ánsel e Greta***, creado por **Mónica Pérez Martínez**, do IES A Xunqueira I de Pontevedra.

Categoría de 16 anos en diante:

- Primeiro premio ao traballo ***Introversión***, de **Sheila Couto Mouriño** do IES A Xunqueira I de Pontevedra.
- Segundo premio a ***Ecce Homo***, creación de **José Ignacio Millán González**, do IES A Xunqueira I.

Coñecer a estes mozos e mozas con tanto talento o día da entrega de premios, o 14 de xuño de 2016 foi un momento moi especial e gratificante.

12. TAL. O Tándem de Activación Lingüística é unha interesante iniciativa pensada para familiarizar coa lingua galega as persoas de fóra de Galicia que apenas a empregan e/ou a entenden. A incorporación ao noso centro de alumnado estranxeiro levounos a adoptar esta medida de integración. Tradicionalmente chamábamolo tándem porque consistía na organización de parellas que se comprometían a reunións periódicas nas que a lingua de

comunicación fora o galego. Desta maneira a/o alumna/o estranxeira/o podía ir adquirindo a lingua e a/o alumna/o galega/o borraba ao tempo o prexuízo lingüístico que asocia o galego co local e o internacional co español. Este curso fixemos efectivamente un tándem de activación lingüística con unha alumna de intercambio americana, Lily Veronica Veaudry Casus, matriculada en 1º de ESO, e que acabou canda a súa marcha, rematado o primeiro trimestre do curso

Unha variante do TAL, que comezou o curso pasado ao apuntar alumnado de fóra de Galiza no grupo de teatro Vai no Dentista, continuou este ano con magníficos resultados: os ensaios semanais, a aprendizaxe dunha obra de teatro en galego, e a integración de estes dous rapaces (un valenciano e outro arxentino) e unha moza de ascendencia arxentina nun grupo de escolares que falan galego entre eles decotino, activou nestes cativo/as a aprendizaxe e o respecto a unha lingua que até entón non tiñan sequera en consideración. Foi unha experiencia moi enriquecedora para eles e para os seus compañeiros, e unha ledicia para o profesorado ver como os compañeiros puían o acento dos novos membros do grupo até deixalo case perfecto. Recibimos por esta acción os parabéns das familias dos implicados en persoa, o mellor recoñecemento ao que se poida aspirar.

3. Información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Para presente curso, propoñemos as actividades que a seguir se citan:

- **Materiais bibliográficos.**

Tal e como aconteceu xa en cursos anteriores, o Equipo de Dinamización Lingüística ten interese en participar na dotación de materiais bibliográficos e videográficos en galego con valor didáctico e demandados pola comunidade educativa. Por isto procuramos ir informando das novidades editoriais que vaian saíndo ao mercado e poñendo en coñecemento da comunidade educativa todas as adquisicións que se realizan.

Establécese unha colaboración activa cos clubs de lectura, tanto co club de lectura de alumnos/as como co club de lectura de pais e nais, a fin de introducir obras de lectura en galego, ben orixinais de autores galegos, ben traducións. Así, incentivamos a lectura, favorecemos a mellora das habilidades lectoras na nosa lingua e poñémola en valor como lingua de cultura.

Esta actividade afecta a totalidade do alumnado do centro, e tamén a aquelas familias vencelladas ao club de lectura da biblioteca do centro.

- **Teatro.**

En colaboración coa Vicedirección do centro e co departamento de galego, continúaase este curso co grupo de teatro *Vai no dentista* que procurará levar adiante a montaxe dunha obra dramática en galego.

Con esta obra participaremos no *XXII Certame de Teatro*, coorganizado polos Equipos de Dinamización dos Institutos de Santiago que se celebrará previsibelmente no mes de abril de 2017. O curso pasado, con gran esforzo e traballo e a colaboración inestimábel dos técnicos de educación do Concello de Santiago e do Teatro Principal, conseguimos darlle un pulo e anovalo un pouco, convertindo o que antes era un certame nun festival de teatro escolar, con talleres, aulas e obradoiros para todos os grupos de teatro escolar dos centros de Santiago e comarca, e tres días de representacións de todas as obras no Teatro Principal de Santiago de Compostela; este novo formato trouxo ao teatro non só ao alumnado, tamén aos familiares dos participantes, de xeito que o convertimos nunha actividade para a toda a comunidade educativa.

Esta iniciativa innovadora dos EEDDLL de Santiago merecería, pola súa singularidade e pola alta rendibilidade normalizadora entre ao alumnado, un apoio económico especial por parte da administración educativa; non esquezamos que o teatro é un xénero de grande interese cultural que convén potenciar desde a etapa de formación e unha alta porcentaxe de rapaces e rapazas ten poucas posibilidades e pouco ou ningún hábito de asistir a unha representación teatral.

- **Viaxe a Porto co grupo de teatro Vai No Dentista.**

O curso pasado recibimos dúas invitacións para participar co noso grupo de teatro en galego, Vai No Dentista, nun encontro internacional de teatro escolar, unha procedía de Altopascio, Italia, e a outra de Porto, Portugal. A carencia de recursos e de tempo material impediunos asistir ao segundo encontro, o celebrado en Valongo, Porto. Mais este curso pretendemos asistir cos novos membros do teatro a Portugal e participar das xornadas teatrais que nos ofrece o país veciño.

TEATRANDO, Encontro Internacional de Teatro Escolar, está organizado polo TNE (Grupo de Teatro da Escola Básica e Secundária de Campo) e o TEBAS (Grupo de Teatro da Escola de Sobrado), e ten como obxectivo proporcionar aos alumnos e alumnas actores a posibilidade de compartir momentos de convivencia e de formación. A idea básica é a de integrar os cativos e cativas no medio cultural teatral e darlles mecanismos e ferramentas para mellorar o desempeño do seu labor dentro dos respectivos grupos.

Facebook: <https://www.facebook.com/encontroteatroescolar/>

- **Divulgación de información sobre cuestións sociolingüísticas. Documentación.**

Ao longo do curso facilitaráselle ao profesorado, ao persoal non docente e tamén ao alumnado documentos con información en materia lingüística que consideramos interesante.

Do mesmo xeito, distribuirase entre o alumnado tanta información sobre premios, certames e concursos musicais e literarios vaian chegando ao centro, nomeadamente do Premio Ánxel Casal, coorganizado polo Concello de Santiago e un instituto da nosa cidade. Lembremos que este premio é economicamente o máis importante para ensino non universitario no noso país e que foi o noso centro quen propuxo a súa creación, como unha iniciativa máis entre os actos conmemorativos do Sesquicentenario da fundación do Instituto.

- **Taboleiro da lingua.**

O Taboleiro da lingua é unha das actividades máis dinámicas do E.D.L. pois expóñense nel as noticias que, aparecidas nos principais xornais, revistas, e tamén na internet, teñen na lingua a materia central, suscitando o interese do alumnado e mantendo constantemente unha información completa e actualizada sobre a dinamización, os seus problemas e dando cabida tamén a artigos de opinión que xiran arredor da problemática lingüística.

Esta actividade implica preferentemente aos membros do equipo de normalización que se encargan de recoller a información nos distintos medios.

- **Actualización da páxina WEB.**

Participar na páxina web do centro e incorporar información sobre o Equipo de Dinamización Lingüística; incluír tamén cumprida información das transformacións legais no eido da normalización. Esta información estrutúrase nos seguintes apartados:

Presentación: Explicación sobre os Equipos de Dinamización, compoñentes, funcións, etc.

Publicacións realizadas: Información sobre o contido e características das Axendas e Revistas editadas coas obras gañadoras dos certames postos en marcha no centro.

Outras actividades: Teatro, Receitarios, Certames, Correlingua,...

Taboleiro da lingua: Incorporación da información sobre a lingua que vaia aparecendo na prensa.

Lexislación: Información sobre as leis vixentes nas que se reflicten os dereitos lingüísticos.

Enlaces con outras páxinas web de interese: www.bivir.com (Bivir: Biblioteca virtual), Biblioteca da Universidade da Coruña, consellodacultura.gal (Consello da Cultura Galega), armandorequeixo.blogaliza.org (Blog *Criticalia* que ofrece Artigos de actualidade, lecturas recomendadas e ligazóns), ...

- **Axenda escolar 2016-2017.**

Ao final do pasado curso 2015-2016 o EDL púxose mans á obra para realizar unha nova axenda escolar. Esta idea xa se realizou no IES Xelmírez I nos cursos 2000-2001, 2001-2002, 2008-2009, 2011-2012, 2012-13, 2013-14, 2014-2015 e 2015-2006 . Entendendo que se trata dunha empresa ambiciosa pero altamente atractiva, este curso realizámola co tema “a xeoloxía”, para lle achegar ao alumnado unha modesta guía das rochas e minerais que nos rodean. A Xeoloxía ensina a ver con outros ollos, a mudar a perspectiva, a fuxir das aparencias. Ensina a apreender a mudanza, o paso do tempo, a ollar no interior das cousas. Ensina a analizar, a descifrar a realidade. A Xeoloxía proporciona outro ángulo a partir do cal entender, desfrutar e respectar a natureza. É o vínculo que evidencia a esencia que temos en común coa nai Terra.

Imenso e inabarcable, o noso planeta é hoxe realmente pequeno fronte ao crecemento exponencial da poboación. Comeza a dar preocupantes sinais de agresión xa evidentes na contaminación do aire que respiramos, da auga que bebemos e dos solos onde radica a maior parte da cadea alimentaria que nos sustenta.

Sendo a xeoloxía unha disciplina científica que nos fornece o esencial dos coñecementos necesarios para a defensa do medioambiente natural e a protección da natureza, é fundamental atribuírle a importancia que ten. Da

explotación racional dos recursos xeolóxicos -mineiros e enerxéticos, todos eles non renovables- e das augas subterráneas, a protección do medio natural e a prevención das catástrofes naturais, facúltanos a xeoloxía os coñecementos indispensables.

Ínfima no contexto da biodiversidade, a criatura chamada *Homo sapiens* é a última dunha linaxe evolutiva de miles de millóns de anos, só por si mesma e desde o advento da Revolución Industrial (finais do século XVIII, comezos do XIX), está agredindo a ritmo in crescendo o medio físico que a todos rodea, alcanzando, no presente, niveis alarmantes.

Na sociedade do desenvolvemento, que esquece os preceptos da sustentabilidade, privatízanse os beneficios da produción e distribúese por medio dos cidadáns a polución desenfreada, fonte de lucro por outra parte para uns poucos. En consecuencia, a única vía de escape é a cultura científica por parte dos mesmos cidadáns. E a Escola ten forzosamente que proporcionar esa cultura en harmonía cos saberes doutras disciplinas.

Tendo en conta que a capacidade de intervención de cada individuo como elemento consciente da sociedade reside na razón directa da súa formación científica, resulta conveniente incrementalala. E incrementalala supón darlle acceso constantemente aos coñecementos que a ciencia nos revela.

Afortunadamente, nos pasados anos académicos contamos coa promoción da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo esta actividade, sen cuxa subvención non se podería ter feito.

Coa axenda escolar buscamos dous obxectivos:

- 1.- Servir de estímulo educativo na medida en que axuda aos escolares a organizar as súas actividades.
- 2.- Incluír información diversa sobre acontecementos, persoas e organizacións que se caracterizaron pola súa actividade en defensa da dignificación e ampliación de usos para a lingua galega.

Esta actividade incide en toda a comunidade educativa:

- a) No alumnado, que é o seu primeiro destinatario pois os contidos da axenda salientan a valoración positiva da lingua e da cultura galegas.
- b) No profesorado, tamén destinatario da axenda pois lembra a vinculación coa lingua galega de figuras eminentes da nosa sociedade que destacaron en campos diversos ao longo da historia. Parece evidente que se esas personalidades amaron e empregaron o galego, non debe haber motivos para non o facermos nós.
- c) Na situación lingüística do centro, pois vincula a lingua aos quefaceres cotiáns.
- d) No contorno sociolingüístico do centro pois nos fogares e no círculo de relacións sociais de alumnado e profesorado esperta interese e contribúese, así, á divulgación da nosa cultura.

- **Actualización do PLC.**

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, di no seu artigo 14.4 o seguinte respecto do PLC:

“ 4. *Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:*

(...)

2. *En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.*

3. *En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte. “*

O pasado curso 2015-2016, coa implantación da LOCE e todas as modificacións do currículo que trae consigo, tivemos que levar a cabo a tarefa de redacción dunha addenda ao documento, en colaboración cos departamentos de linguas do instituto e da dirección do mesmo. No presente ano escolar 2016-2017,

procederemos a adaptar o PLC do centro aos cambios curriculares que determina a Lei Orgánica de Calidade da Ensinanza.

Por outra banda, o presente é o derradeiro curso no que o PLC do IES Arcebispo Xelmírez I está en vigor. Se lembramos, o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo*, no seu artigo 14.1, *Proxecto lingüístico de centro*, especifica que “*Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares (...)*”. Este curso 2016-2017 cúmprense catro anos da aprobación do anterior PLC, de xeito que debemos comezar coas tarefas de preparación e estudo que precisa a redación dun novo documento. Prepararemos, en colaboración cos departamentos de linguas do instituto e a dirección do mesmo, un cuestionario sociolingüístico, que cumprimentará un número significativo de alumnos e alumnas de réxime xeral e de adultos, e extraeremos os resultados para a súa interpretación. Os resultados deste inquérito, e as medidas que se considere preciso implementar para paliar posibles carencias idiomáticas, reflectiranse no novo documento, que será sometido a aprobación no ulterior curso.

- **Colaboración no festival de Nadal do alumnado de réxime ordinario.**

Todos os cursos realizamos no centro un festival de Nadal, que se celebra o derradeiro día lectivo do ano, e no que o alumnado fai gala das súas habilidades en diferentes campos da arte. Velar por que o fagan respectuosamente e polo emprego do galego neste acto, do que tamén poden os alumnos e alumnas extraer ensinanzas, é tarefa de varios profesores e profesoras que voluntariamente lle adican horas do seu tempo a este labor. O Equipo de Dinamización súmase a este grupo de docentes para colaborar e coordinar con eles este evento.

- **Ciencia en galego.**

Este curso, en colaboración coa biblioteca do centro e cos departamentos de matemáticas, CC. NN., e física e química, esperamos poñer en marcha un novo

programa de actividades, que lle permita ver e comprender ao alumnado que o galego non se circunscribe exclusivamente ao labor narrativo e os debates, senón que se pode abrir e enriquecernos tamén no mundo científico.

As actividades que pretendemos botar a andar son as seguintes:

1. Xogos matemáticos.- Animaremos ao alumnado, en sesións de 1 hora, a divertirse a través de xogos de lóxica, inxenio e probabilidade adaptados aos distintos niveles dos participantes.
2. Experimentos.- Convidaremos aos rapaces e rapazas a deixar saír ao científico que levan dentro e a experimentar no laboratorio e o taller de tecnoloxía.
3. Ciencia no cinema.- Os filmes patrios e estranxeiros están cheos de incongruencias e dislates científicos. O obxectivo desta actividade será o de presentárllelos ao alumnado e aclaralos, porque a ficción cinematográfica non pode xustificar certas necidades.
4. Debates de ciencia.- En pequenos grupos, o profesorado presentará distintos fitos fundamentais da historia científica, inventos que mudaron a nosa vida. Como e por que sucedeu así?

- **Celebración da semana das Letras Galegas.**

- 1.- Durante toda a vixésima semana do ano 2017, que abrangue do 15 ao 21 de maio, o equipo de dinamización, xunto co departamento de lingua galega e a dirección do instituto, realizarán actividades de distinta natureza, enfocadas a estudar e salientar a figura do escritor Carlos Casares, nado en Xinzo de Limia, Ourense o 24 de agosto de 1941, e finado en Nigrán, Pontevedra, o 9 de marzo, que este ano foi elixido polo plenario da Academia o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2017. Procuraremos facer un repaso á produción analítica e os estudos e achegas do máis variado carácter aos que deu lugar a obra e a personalidade de Casares nestes últimos 15 anos, na certeza de atopar que a súa é unha herdanza de interese. Alentaremos entre o

alumnado a lectura da súa obra, volumes de creación, tradución, crítica literaria, artigos e a súa inxente produción en distintas revistas e xornais. Dotaremos as aulas materia e a biblioteca tamén con traballos biográficos referidos ao autor, como o de Rafael Laso Lorenzo, *Carlos Casares, o amigo das palabras*; faremos, en definitiva, o preciso para que o noso alumnado disfrute no coñecemento dun autor, que foi creador narrativo e contador oral, e que arelaba ante todo o progreso e a dignificación do noso país.

2.- Actuación dun contacontos. Como xa ven sendo habitual desde hai 4 anos, a semana das letras trataremos de contar coa colaboración dun contacontos profesional en lingua galega, que durante as dúas últimas horas de clase do día elixido divertirá e ensinará ao noso alumnado facetas diversas da nosa cultura, poñendo en valor a lingua.

- **Correlingua 2017.**

Igual aos anos anteriores, os Equipos de Dinamización Lingüística dos Centros de ensinanza secundaria da Comarca de Santiago, proxectamos continuar participando na actividade lúdico reivindicativa “Correlingua”; a pesar das trabas que experimentou esta actividade en anos anteriores, o interese co que o alumnado segue esta carreira non competitiva é razón suficiente para continuar con este acto simbólico en defensa do idioma.

Para a organización do Correlingua agardamos poder contar coa colaboración do Concello de Santiago, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e coa Mesa pola Normalización Lingüística. Do mesmo xeito un número importante de editoriais e librarías colaboran gratuitamente con libros e outros materiais.

Nesta actividade participan uns 150 alumnas e alumnos de 1º e 2º de E.S.O.

- **V Certame de Banda Deseñada AX1.**

O pasado curso 2012-1013 fraguose no ies Arcebispo Xelmírez I a posta en marcha dun certame de banda deseñada aberto a todo o alumnado, de réxime xeral e de adultos, de toda a Comunidade Autónoma de Galicia. Este proxecto,

que contou co praxe e inestimable colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levouse a cabo baixo a estreita colaboración do equipo de dinamización da lingua, o departamento de debuxo e artes plásticas, os membros da dirección do centro, a responsable da biblioteca do centro, e diversos integrantes da comunidade educativa.

Este curso pretendemos lanzar xa a cuarta edición deste certame de banda deseñada que tan boa acollida tivo tamén o curso pasado.

Este ambicioso certame busca como obxectivo principal a ligazón dun xénero que cautiva aos rapaces e rapazas de hoxe en día coa lingua galega. Por outra parte, o cómic é un xénero moi versátil, que vencella intimamente as artes plásticas, a literatura, a cinematografía e as novas tecnoloxías, e que demanda nos autores non só imaxinación e habilidades artísticas, senón tamén capacidade de concreción, de organización e de disposición.

- **Organización do T.A.L.**

O Tándem de Activación Lingüística é unha interesante iniciativa pensada para familiarizar coa lingua galega as persoas de fóra de Galicia que apenas a empregan. A incorporación ao noso centro de alumnado estranxeiro obríganos a adoptar esta medida de integración. O tándem consiste na organización de parellas que se comprometen a reunións periódicas nas que a lingua de comunicación sexa o galego. Desta maneira a/o alumna/o estranxeira/o vai adquirindo a lingua e a/o alumna/o galega/o vai borrando o prexuízo lingüístico que asocia o galego co local e o internacional co español.

